

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O FORO ENRIQUE PEINADOR PARA ACTUACIÓNS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

REUNIDOS

Don..., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don ..., con DNI..., presidente do Foro Enrique Peinador que actúa no seu nome e representación, con CIF... e domicilio social en Doutor Canoa, 5, 6.º D, 36206 de Vigo, elixido por unanimidade na Asemblea Xeral celebrada o día 3 de setembro de 2008.

EXPOÑEN

1. Que de acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, quen deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

2. Que as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e, colaborar tamén, no desenvolvemento e implantación do Plan de

dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 4 de agosto de 2016, que responde a necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, coa pretensión de que ao aumentar a presenza do galego no ámbito económico, sirva de efecto multiplicador no resto da poboación, xa que, se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe.

3. Que no ámbito da Administración Autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega. Que para abranguer todos os eidos sociais debe procurar a colaboración, na medida do posible, con outras asociacións ou entidades que traballan a prol do galego dentro da comunidade autónoma.

4. Que para cumprir estes obxectivos é imprescindible implicar a todos os sectores sociais, asociacións, entidades e colectivos que constitúen o tecido cívico, económico e cultural de Galicia. Que o sector empresarial é un dos prioritarios no que se necesitan implantar unha serie de medidas para estender a presenza da lingua galega, así como para conseguir a súa proxección mediática en todas as relacións e ámbitos sociais.

5. Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que para promover e dignificar o galego promove o Foro Enrique Peinador que nace no ano 2006 por iniciativa da Fundación Premios da Crítica para lograr un maior vencello entre a actividade económica e a identidade galega. Deste xeito, un dos seus obxectivos prioritarios é difundir o emprego do galego dentro das empresas. O nome do foro recolle o dun empresario, Enrique Peinador, que foi pioneiro, a comezos do século XX en achegar o galeguismo ao sector empresarial.

6. Que o Foro ten entre os seus obxectivos prioritarios difundir o emprego do galego dentro das empresas levando a cabo actividades que resultan de grande interese para a promoción e dinamización da lingua galega. Que se trata dun proxecto único e cunhas actividades singularizadas que na actualidade só realiza o Foro Peinador polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a súa realización.

7. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Foro Enrique Peinador dende hai uns anos traballan conxuntamente a prol da normalización do galego no ámbito empresarial galego, e desexan continuar colaborando no desenvolvemento dun programa de actuacións en materia de dinamización lingüística.

Polo exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2017, que rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e o Foro Enrique Peinador para implantar e fomentar o uso do galego na actividade empresarial, e para facerlles chegar aos empresarios galegos a importancia e o compromiso de todos os galegos coa promoción e dignificación da nosa lingua.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións e encontros cos empresarios galegos e con empresas destacadas no sector económico galego, coa finalidade de manter debates para expoñerlles medidas galeguizadoras.

Segunda.- Obrigas do Foro Enrique Peinador

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura deste convenio, o Foro comprométese a desenvolver en lingua galega as seguintes accións:

1. Continuación dos Encontros con empresarios. Seguir promovendo encontros co empresariado galego en colaboración cos concellos para incentivar a galeguización do sector. Nestes encontros débátese e expóñense medidas galeguizadoras buscando incidir tanto na propia empresa (sinalética, administración, comunicación, etc...) como na publicidade, na etiquetaxe dos produtos, etc.
2. Mantemento e actualización das páxinas webs do Foro Enrique Peinador, da IRGADE e canle.TV “galeguizargalicia.tv”, Facebook e Youtube como soportes de comunicación para promocionar o uso da lingua galega no sector empresarial.

3. Continuar co traballo de galeguización o sector vitícola e agroalimentario. A través do galego na etiquetase e na publicidade preténdese poñer en valor os produtos de calidade con garantía de orixe e que a cidadanía vexa que a lingua, como valor engadido, é un plus de calidade.
4. Día da Galeguidade Empresarial. Acto conmemorativo cos concellos coa finalidade de aprobar unha declaración do consumo responsable e solidario coas marcas etiquetadas en galego.

O Foro encargarse de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a facilitarlle ao Foro, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **doce mil cincocentos euros (12.500,00 €)**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **doce mil euros (12.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.
- O Foro achegará a cantidade restante de **cincocentos euros (500,00€)** para a realización das actividades previstas e encargarse de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, as infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta.- Xustificación e pagamento.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e que se especifica na estipulación anterior, o Foro presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro 2017, da seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación. Esta xustificación realizarase mediante facturas en orixinais ou dúas copias compulsadas (dúas copias).
- Para o control das actividades que se prevén no convenio, entregaranse un mínimo de tres exemplares dos traballos que se publiquen.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O Foro facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003 tal e como se establece na disposición adicional da lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio creárase unha Comisión Paritaria de Seguimento constituída por dous representantes de Política Lingüística, nomeados polo seu titular e dous representantes do Foro.

Esta comisión, que estará presidida por un dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal

xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asínanse tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente do Foro
Enrique Peinador